

CARA A ONDE?

OBSERVANDO A TRANSFORMACIÓN CULTURAL E SOCIAL DESDE A LITERATURA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

7 marzo / 20 xuño 2015

Horario: de 12:00 a 14:00 h

Auditorio do CGAC

Dirección: Alfredo Conde

Os mundos cambian, e ao facelo poden levar por diante as linguas e as culturas que os habitantes deses mundos non dean adaptado ás novas realidades. As causas desa crise adoitan ser diversas e as explicacións poden culpabilizar o inimigo exterior ou buscar tamén a parte de responsabilidade da sociedade e das institucións con que se goberna. Linguas e culturas deben procurar a cada momento o seu lugar nun contexto que está en transformación permanente. A literatura constitúe unha boa atalaia para observar estes procesos.

Ao longo de catro meses, catro coñecedores a fondo deste tema, procedentes de catro distintas orixes, tratarán a relación existente entre sociedade e cultura nos nosos días. Serán confrontados a tres retrucantes galegos, que precederán ás intervencións do público.

7 DE MARZO

Bernardo Atxaga: *A cortiza e a áncora*

Fará referencia ás débiles, equivocadas ou inexactas razóns que se esgrimiron a favor ou en contra de escribir nunha lingua minoritaria (a cortiza do asunto); razóns que Atxaga enfronta a outras que tamén se teñen brandido e que a el lle parecen fortes, as "áncoras" a que fai referencia o título da súa intervención.

Nado en Asteasu (Guipúscoa, España), o seu verdadeiro nome é Joseba Irazu. A súa carreira foi galardoada con importantes premios internacionais. En 1989 obtivo o Premio Euskadi e mais o Premio Nacional de Narrativa por *Obabakoak*, a súa novela máis exitosa, coa que tamén foi finalista no xa desaparecido Premio Europa en 1990. Tamén colleitou por diversas novelas o Premio Grinzane Cavour, o Premio Mondello, un dos premios TLS ás mellores obras traducidas ao inglés en 2009, ou a selección do estadounidense *Publishers Weekly* como unha das mellores obras de ficción de 2012. No ámbito da poesía publicou a súa primeira obra, *Etiopia*, en 1978, e foi Premio Cesare Pavese en



Dora García: *Ulysses*, 1999. Colección CGAC

Los mundos cambian, y al hacerlo pueden llevarse por delante las lenguas y las culturas que los habitantes de esos mundos no consigan adaptar a las nuevas realidades. Las causas de esa crisis suelen ser diversas y las explicaciones pueden culpabilizar al enemigo exterior o buscar también la parte de responsabilidad de la sociedad y de las instituciones de las que se dota para gobernarse. Lenguas y culturas deben buscar en todo momento su lugar en un contexto que se halla en transformación permanente. La literatura constituye una buena atalaya para observar estos procesos.

A lo largo de cuatro meses, cuatro hondos conocedores de este tema, procedentes de cuatro entornos distintos, tratarán la relación existente entre sociedad y cultura en nuestros días. Serán confrontados a tres oponentes gallegos, que precederán a las intervenciones del público.

7 DE MARZO

Bernardo Atxaga: *El corcho y el ancla*

Hará referencia a las débiles, equivocadas o inexactas razones que se han esgrimido a favor o en contra de escribir en una lengua minoritaria (el corcho del asunto); razones que Atxaga enfrenta a otras que también se han blandido y que a él le parecen fuertes, las "anclas" a las que hace referencia el título de su intervención.

Nacido en Asteasu (Guipúscoa, España), su verdadero nombre es Joseba Irazu. Su carrera está jalonada por importantes premios internacionales. En 1989 obtuvo el Premio Euskadi y el Premio Nacional de Narrativa por *Obabakoak*, su novela más exitosa, con la que también fue finalista en el ya desaparecido Premio Europa en 1990. También cosechó por diversas novelas el Premio Grinzane Cavour, el Premio Mondello, uno de los premios TLS las mejores obras traducidas al inglés en 2009, o la selección del estadounidense *Publishers Weekly* como una de las mejores obras de ficción del 2012. En el ámbito de la poesía publicó su primera obra, *Etiopia*, en 1978, y fue Premio Cesare Pavese en 2003 por

2003 por *Dall'altra parte della frontiera*, unha versión italiana dalgunhas das súas anteriores obras poéticas. A súa produción foi traducida a 32 idiomas e mais levada ao cinema. En 2006 foi elixido membro de Euskaltzaindia, a Academia da Lingua Vasca.

11 DE ABRIL

Suso de Toro: *Unha obra literaria pide lector, unha literatura pide estado*

Un cadro pide ollos que o miren, a música pide oídos que atendan, pero a literatura pide alguén que vexa o texto, que saiba ler e tamén que coñeza a lingua en que está escrito. Ao entender de Suso de Toro, as linguas precisan espazos sociais, nacionais, para existiren. E tamén a protección dun Estado, sexa un Estado que una a súa existencia á da propia lingua ou non. A lingua e a literatura galegas tiveron un estado que as protexese durante os corenta anos transcorridos desde 1975? Esa é a pregunta que pairará durante a conferencia.

Nado en Santiago de Compostela (Galicia, España), é licenciado en Xeografía e Historia, especialidade de Arte Moderna e Contemporánea, pola Universidade de Santiago de Compostela. Compaxina o seu traballo literario coa creación de guións para radio e televisión, con colaboracións en prensa e radio, e coa docencia. Escribe en galego e publicou trinta libros de narrativa, teatro e ensaio. A súa novela *Trece badaladas* obtivo o Premio Nacional de Narrativa en 2003, e foi levada ao cine. Tamén recibiu o Premio da Crítica de Galicia (1986), o Premio da Crítica Española (1993 e 2000) e o Premio Blanco Amor de novela (1997). A súa obra está traducida a varias linguas e foi obxecto de estudo en diversas universidades europeas.

23 DE MAIO

Carme Riera: *A literatura morreu, viva o fútbol*

Na medida en que a literatura deixa de ser un feito ligado á cuestión nacional, deixa de considerarse tamén consubstancial á vida do pobo e perde interese. Hoxe consubstanciais á vida dos pobos son os seus equipos de fútbol, aínda que os seus integrantes sexan de orixes diversas, afastadas e foráneas.

Nada en Palma de Mallorca (España), é catedrática de Literatura Española na Universidade Autónoma de Barcelona, autora de novelas e contos en lingua catalá e ensaios en catalán e castelán. É académica da Real Academia Española. Tamén é membro de número da Real Academia de Boas Letras de Barcelona. Entre os numerosos premios recibidos destacan o Josep Pla (1994), o Nacional de Narrativa (1995), o Joan Crexells de narrativa (1994), o Lletra d'Or (1995), o Vittorini á mellor novela estranxeira publicada en Italia (2000); o da Crítica Serra d'Or (2001), o Sant Jordi de novela (2003) e o Terenci Moix ao mellor ensaio do ano (2013). Ademais, en 2001 recibiu o Premio Nacional de Cultura concedido pola Generalitat de Cataluña. A súa obra foi traducida ao inglés, alemán, italiano, portugués,

Dall'altra parte della frontiera, una versión italiana de algunas de sus anteriores obras poéticas. Su producción ha sido traducida a 32 idiomas, y también ha sido llevada al cine. En 2006 fue elegido miembro de Euskaltzaindia, la Academia de la Lengua Vasca.

11 DE ABRIL

Suso de Toro: *Una obra literaria pide lector, una literatura pide estado*

Un cuadro pide ojos que lo miren, la música pide oídos que atiendan, pero la literatura pide a alguien que vea el texto, que sepa leer y también que conozca la lengua en la que está escrito. Al entender de Suso de Toro, las lenguas precisan espacios sociales, nacionales, para existir. Y también la protección de un Estado, sea un Estado que una su existencia a la de la propia lengua o no. ¿La lengua y la literatura gallega han tenido un estado que la protegiese durante los cuarenta años transcurridos desde 1975? Esa es la pregunta que sobrevolará durante su conferencia.

Nacido en Santiago de Compostela (Galicia, España), es licenciado en Geografía e Historia, especialidad de Arte Moderna y Contemporánea, por la Universidad de Santiago de Compostela. Compagina su trabajo literario con la creación de guiones para radio y televisión, con colaboraciones en prensa y radio y con la docencia. Escribe en gallego y ha publicado treinta libros de narrativa, teatro y ensayo. Su novela *Trece badaladas* obtuvo el Premio Nacional de Narrativa en 2003, y fue llevada al cine. También ha recibido el Premio de la Crítica de Galicia (1986), el Premio de la Crítica Española (1993 y 2000) y el Premio Blanco Amor de novela (1997). Su obra está traducida a varias lenguas y ha sido objeto de estudio en diversas universidades europeas.

23 DE MAYO

Carme Riera: *La literatura ha muerto, viva el fútbol*

En la medida que la literatura deja de ser un hecho ligado a la cuestión nacional, deja de considerarse también consustancial a la vida del pueblo, y pierde interés. Hoy consustanciales a la vida de los pueblos son sus equipos de fútbol, aunque sus integrantes sean de origen diversos, alejados y foráneos.

Nacida en Palma de Mallorca (España), es catedrática de Literatura Española en la Universidad Autónoma de Barcelona, autora de novelas y cuentos en lengua catalana y ensayos en catalán y castellano. Es académica de la Real Academia Española. También es miembro de número de la Real Academia de Buenas Letras de Barcelona. Entre los numerosos premios recibidos por Riera destacan el Josep Pla (1994), el Nacional de Narrativa (1995), el Joan Crexells de narrativa (1994), el Lletra d'Or (1995), el Vittorini a la mejor novela extranjera publicada en Italia (2000); el de la Crítica Serra d'Or (2001), el Sant Jordi de novela (2003) y el Terenci Moix al mejor ensayo del año (2013). Además, en 2001 recibió el Premio Nacional de Cultura concedido por la Generalitat de Cataluña. Su obra ha sido

francés, ruso, grego, neerlandés, romanés, hebreo, húngaro, turco e eslovaco.

20 DE XUÑO

Bradley Epps: *A que(e)renza do normal: tensións e torceduras da identidade nacional e lingüística*

Bradley Epps reflexionará sobre o estado permeable e precario das Letras, das súas inxerencias e irrupcións, e tamén do ilusorio e inestable de toda norma, de toda natureza (entendida polo menos como única e inmutable). Postulará a estranxeiría como unha condición continxente: non se é estraño ou estranxeiro senón que se está; esa estranxeiría ou estrañeza atravesará toda lingua normalizada, non normalizada e por normalizar.

Nado en Catawba (Carolina do Norte, Estados Unidos), é catedrático de Literatura Española e director do Departamento de Español e Portugués da Universidade de Cambridge (Reino Unido). Durante máis de dúas décadas exerceu como profesor e catedrático de linguas e literaturas románicas na universidade estadounidense de Harvard, onde dirixiu o programa de estudos sobre muller, xénero e sexualidade. Publicou máis dun cento de artigos, catro libros monográficos, e ten colaborado en publicacións periódicas sobre literatura, cinema, arte, arquitectura, urbanismo e teoría crítica en relación con España, América Latina, Cataluña, Guinea Ecuatorial, Estados Unidos e Francia. Ensinou como profesor convidado en universidades españolas (entre elas a de Santiago de Compostela), e mais outros centros de ensino superior de Alemaña, Francia, Países Baixos, Chile, Cuba, Suecia, Costa Rica ou China.

RETRUCANTES

Henrique Alvarellos

Licenciado en Filoloxía Hispánica e posgraduado en Comunicación, é editor, escritor e xornalista para medios e para gabinetes de prensa. Desde 2004 dirixe Alvarellos Editora, a empresa que fundara seu pai en 1977.

Xosé A. López Silva

É profesor, latinista e investigador da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén exerce os cometidos de tradutor, editor e crítico literario, en concreto para as revistas *Grial*, *Tempos Novos* e *Vísperas*, ademais de en *Cierzo*, o suplemento cultural dos xornais *Diario de Ferrol*, *El Ideal Gallego* e *Diario de Arousa*. Ademais é columnista habitual do xornal *El Correo Gallego*.

Ramón Nicolás

É profesor de lingua e literatura galegas, crítico literario, tradutor e ensaísta. Colabora como crítico literario en *La Voz de Galicia* e desde hai algúns anos mantén o blog de información literaria galega *Caderno da Crítica*.

traducida al inglés, alemán, italiano, portugués, francés, ruso, griego, neerlandés, rumano, hebreo, húngaro, turco y eslovaco.

20 DE JUNIO

Bradley Epps: *La que(e)renza de lo normal: Tensiones y torceduras de la identidad nacional y lingüística*

Bradley Epps reflexionará sobre el estado permeable y precario de las Letras, de sus injerencias e irrupciones, y también de lo ilusorio e inestable de toda norma, de toda naturaleza (entendida al menos como única e inmutable). Postulará la extranjería como una condición contingente: no se es extraño o extranjero sino que se está; esa extranjería o extrañeza atravesará toda lengua normalizada, no normalizada y por normalizar.

Nacido en Catawba (Carolina del Norte, Estados Unidos), es catedrático de Literatura Española y director del Departamento de Español y Portugués de la Universidad de Cambridge (Reino Unido). Durante más de dos décadas ejerció como profesor y catedrático de Lenguas y Literaturas Románicas en la universidad estadounidense de Harvard, en donde dirigió el programa de estudios sobre mujer, género y sexualidad. Ha publicado más de un centenar de artículos, cuatro libros monográficos y ha colaborado en publicaciones periódicas sobre literatura, cine, arte, arquitectura, urbanismo y teoría crítica en relación con España, América Latina, Cataluña, Guinea Ecuatorial, Estados Unidos y Francia. Ha enseñado como profesor invitado en universidades españolas (entre ellas la de Santiago de Compostela), y otros centros de enseñanza superior en Alemania, Francia, Países Bajos, Chile, Cuba, Suecia, Costa Rica o China.

OPONENTES

Henrique Alvarellos

Licenciado en Filología Hispánica y postgrado en Comunicación, es editor, escritor y periodista para medios y para gabinetes de prensa. Desde 2004 dirige Alvarellos Editora, la empresa que había fundado su padre en 1977.

Xosé A. López Silva

Es profesor, latinista e investigador de la Universidad de Santiago de Compostela. También ejerce los cometidos de traductor, editor y crítico literario, en concreto para las revistas *Grial*, *Tempos Novos*, y *Vísperas*, además de para *Cierzo*, el suplemento cultural de los periódicos *Diario de Ferrol*, *El Ideal Gallego* y *Diario de Arousa*. Además es columnista habitual del diario *El Correo Gallego*.

Ramón Nicolás

Es profesor de lengua y literatura gallegas, crítico literario, traductor y ensayista. Colabora como crítico literario en *La Voz de Galicia* y desde hace algunos años mantiene el blog de información literaria gallega *Caderno da Crítica*.

PROGRAMA

- 7 de marzo Bernardo Atxaga: *A cortiza e a áncora*
Retrucantes: Henrique Alvarellos, Xosé A. López Silva e Ramón Nicolás
- 11 de abril Suso de Toro: *Unha obra literaria pide lector, unha literatura pide estado*
Retrucantes: Henrique Alvarellos, Xosé A. López Silva e Ramón Nicolás
- 23 de maio Carme Riera: *A literatura morreu, viva o fútbol*
Retrucantes: Henrique Alvarellos, Xosé A. López Silva e Ramón Nicolás
- 20 de xuño Bradley Epps: *A que(e)renza do normal: tensións e torceduras da identidade nacional e lingüística*
Retrucantes: Henrique Alvarellos, Xosé A. López Silva e Ramón Nicolás

Horario: de 12:00 a 14:00 h

Auditorio do CGAC

Entrada gratuíta até completar as localidades

DESTINATARIOS: Dirixido a todas as persoas interesadas no tema proposto.

PRAZAS: 250

Coa colaboración da Secretaría Xeral de Medios e a Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia.

PROGRAMA

- 7 de marzo Bernardo Atxaga: *El corcho y el ancla*
Oponentes: Henrique Alvarellos, Xosé A. López Silva y Ramón Nicolás
- 11 de abril Suso de Toro: *Una obra literaria pide lector, una literatura pide estado*
Oponentes: Henrique Alvarellos, Xosé A. López Silva y Ramón Nicolás
- 23 de mayo Carme Riera: *La literatura ha muerto, viva el fútbol*
Oponentes: Henrique Alvarellos, Xosé A. López Silva y Ramón Nicolás
- 20 de junio Bradley Epps: *La que(e)renza de lo normal: Tensiones y torceduras de la identidad nacional y lingüística*
Oponentes: Henrique Alvarellos, Xosé A. López Silva y Ramón Nicolás

Horario: de 12:00 a 14:00 h

Auditorio del CGAC

Entrada gratuita hasta completar las localidades

DESTINATARIOS: Dirigido a todas las personas interesadas en el tema propuesto.

PRAZAS: 250

Con la colaboración de la Secretaría Xeral de Medios y la Secretaría Xeral de Cultura de la Xunta de Galicia.



SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602

cgac.educacion@xunta.es

www.cgac.org



XUNTA
DE GALICIA

galicia